

Rosalía, Cunqueiro, Blanco Amor, Luis Seoane, Castelao, Boveda, Pondal, Otero Pedrayo....

Agora novo monográfico de
A NOSA TERRA adicado a:



MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

No próximo Decembro
á venda

O escritor foi nomeado recentemente Conselleiro de Cultura

Alfredo Conde

"Que haxa un poder galego interésame moito"

O escritor alaricano entrou no novo Goberno despois dunha longa viaxe. Desde os seus inicios como escritor, pasando pola consecución de varios premios de renome no mundo das letras (Nacional de Literatura, Blanco Amor,

Chitón,...) até ocupar postos de rango político: desde o Parlamento até a Consellaría. Escritor premiado, partidista independente, do rural á ribeira; Alfredo Conde senta agora tras dunha mesa comprida na que

remexe os plans de política cultural, cavilando na ordenación de arquivos e bibliotecas, de pistas deportivas, de propostas culturais e proxección exterior, teimando na normalidade.

A produción editorial no ano 85 foi de 295 títulos dos que ás institucións correspóndelle o quince por cento, vai mudar o criterio editorial da Consellaría?

O primeiro que temos que pensar é na realidade do mundo do libro galego, onde as editoras galegas fórono contra vento e maré. No senso estrito da palabra non son sociedades anónimas, alomenos algunha delas, son empresas cun transfondo patriótico ou cultural. Funcionan con limitacións equivalentes ás do propio país e hai que axudar a que iso se manteña así, mais procurando que ese quince por cento da edición institucional aumente sen lle tirar títulos ás editoriais.

O que está dicindo supón que non ten previsto afrontar a reivindicación dunha editora nacional?

Desde logo non neste momento. Trátase de non facer "competencia" ás editoras, de non incidir no seu campo. Coido que é o momento de axudar a que se mollen as institucións e comecen a publicar ese tipo de libros que están reservados a elas. Falo das deputacións que algo teñen que facer polo país, dos concellos, para conseguir que aumente ese quince por cento.

Cando un autor decide pagar a edición da súa obra parece lóxico pensar que o fai por non resultarlle de interese ás editoras, pensa que a Consellaría poderá recoller esas edicións?

Hai unha lei de 26 de Xaneiro do 87 que fala diso. Pero é xeral sobre o apoio á produción editorial e non se especifican as edicións de autor. Poderíamnos atopar co problema de ter que subvencionar milleiros de libros e iso sería desexábel pero non posíbel.

NORMATIVA LINGÜÍSTICA

Hai unha disposición de anteriores administracións que se efectivizaba mediante a compra de 300 exemplares de cada libro sempre e cando vaían na normativa oficial....

Esa é a orde a que me refería.

...logo quen non quixese asumir a normativa oficial estaría fora desa subvención?

Os que non subscribían a normativa oficial están no seu dereito pero non no de esixirlle á Administración que incumpra a Lei.

Eu creo neste país. Se a xente que no seu momento pediu que os rapaces que se ían examinar da selectividade pudesen escribir de galego en calquera normativa que lles petase asegurárame

que o mesmo sucede co castelano, mañá mesmo pódome á fronte dunha manifestación para que suceda o mesmo coa nosa fala. Pero témome moito que non sexa posíbel que o castelano poda ser escrito nunha proba de acceso á Universidade en calquer normativa, e digo o castelano como podía dicir o francés, inglés ou o idioma de calquera país normalizado. Na medida en que un país está normalizado, e o noso precisa aínda máis que calquer outro unha normalización e entendo —xa non só porque é unha obriga legal— como cidadán que ten que haber, e haina, unha normativa oficial. Calquer outra actitude que non sexa cumprimento estrito da Lei, un departamento dun Goberno non pode apoiála. Porque non é a supervivencia do Goberno senón do propio país. Daí que sexa preciso que os libros que esta Consellaría subvenciona sexan libros escritos na ortografía do país, e esa é unha. Se fose outra sería nesa outra. E iso pódese facer extensíbel ao Centro Dramático Galego: nós estamos precisados dun galego *standard*, e un dos vehículos que temos para *estandarizar* a fala é non só a televisión, senón o teatro, daí que nós teñamos que contemplar que cada quen escriba e fale como lle pete pero non cos cartos do estado.

Pero a todo iso habería que engadirlle que, dacordo coa necesidade da normalización, sería precisa unha normativa común para todos, aceptada por todos. En canto non se chegue a un acordo mínimo...

Calquer norma é un convenio, e como tal está baseado nuns criterios, que sexan cal sexan son restritivos sempre, porque non contemplan outras realidades. Pero nas cuestións da lingua penso que se debe ter certa autoridade: se os cataláns no seu momento non tivesen un Pompeu i Fabra, hoxe terían unha situación lingüística moi semellante á nosa. E se nós tivéssemos un Pompeu i Fabra non teríamos os problemas que estamos a ter. Por iso canto antes o teñamos —e por suposto non é o Conselleiro de Cultura, que non é unha autoridade na materia— pois antes resolvemos o problema.

Pero falando como escritor. Desde rapaz crín que podía ser un escritor galego, e sei que frente ao castelano eu son un escritor galego. Pero fronte ao portugués, tan pronto a miña normativa entre na normativa portuguesa eu estou na área de expresión portuguesa e non na de expresión galega. E quero ser un escritor en lingua galega que

escrebe e forma parte da literatura galega e non quero entrar, porque son así de aldeano, en nengunha feira que non sexa a do propio país. Lazos fraternais, cordiais... e venho de falar coa Ministra de Cultura portuguesa e vou ir a Lisboa para establecer todo tipo de actividades, pero o imperialismo non me gusta, e prefiro exercelo que sofrelo, e se a TVG vese en Portugal e non a portuguesa na Galiza imos procurar que se vexa máis televisión galega en Portugal e que se lean máis libros. Nese senso teño unha postura absolutamente nítida e que non me vai conturbar ningún. E que os portugueses lean en galego que non lles fai mal.

INTELLECTUAIS NO PODER

Voltando aos libros, o libro como transmisor de saber e como aportación crítica, pero estase dando o caso curioso de que a xente de esquerda que chega ao poder está, nalguna medida *sobornando* solapadamente através de determinadas prebendas para amortiguar as críticas. Ou sexa a perpetuidade do poder a meio do reparto de prebendas. Coido que iso é controlábel desde o propio poder, o Conselleiro pode chegar a interirase ou abortar esas accións?

Persoalmente nunca sofriín iso e dubido moito que os que se sofrián ou disfrutaran mo comuniquen a min, non só como conselleiro senón como escritor, pois non somos os escritores moi amigos de dicir o que vendemos ou gañamos. Non me demonstro directamente iso. Eu cobro ou non polos meus artigos pero dependendo da miña vontade.

Por outra banda o mercar o silencio do intelectual é algo xa moi inventado desde Luis XIV e non é algo que se descubra agora. O que non imos pretender é que na Galiza sexamos uns seres puros que non caen nesas lideiras. Nunha contestación moi cínica, moi cínica, podería dicir que case sería desexábel que o poder galego pudesese comprar ese tipo de plumas porque querría dicir que había poder galego e que haxa poder galego interésame moito. Pero como escritor non me pasou iso. Poden existir contratos con editores de toda índole e condición que contemplan unha especie de bontrato a cambio de determinado tipo de subvencións. Pero si aseguro que mentres estexa eu aquí iso todo anúlase, se o hai, e de ter que contemplar as subvencións —como mal necesario que son— sería por convocatória pública.



blica e clara.

Repasando a súa biografía política vostede é coñecido como un intelectual galeguista, deputado independente nas listas do PSOE, e esa é unha pregunta que se lle podería facer a Ramón Piñeiro ou a Carlos Casares, ou sexa a quen desde o galeguismo e a independencia apoian ao PSOE nomeadamente, que non é de ámbito galego. Se se trata dun compromiso político, por que nun partido que non é de ámbito galego?

Estas cousas están xa moi faladas e é redundar en algo que non convence a moita xente. Procedendo por paráfrase: cando o actual vice-presidente do país estivo nun partido de ámbito estatista este país sufriu un ilusionante avance, e iso produciu que hoxe estexamos nunhas institucións galegas asentadas, produciu uns medios de comunicación públicos galegos e cando, pola presión, Barreiro se apeou houbo un retroceso atroz. Ao meu entender iso xustifica a presenza, pois no momento en que Barreiro se vai, e moi dignamente, do goberno o retroceso de galeguización da Galiza é atroz e ponnos a todos a carne de galiña. Hai unha realidade inquestionable que é a configuración do Estado — aínda que todo a longo prazo sexa cuestionable e revisable — e no labor inmediato existe a participación da xente que cre no país en todos os ámbitos políticos nos que o país se vexa afectado.

REALIDADE GALEGA

Pero esa posición pode levar a contradicións públicas evidentes, como por exemplo é o caso de García Sabell: un Dele-

gado do Goberno que leva a Lei de Normalización Lingüística ao Tribunal Constitucional pode ser presidente da Real Academia, con que dignidade exterior se pode valorar?

Por suposto que a dignidade interior de García Sabell non a imos pór en cuestión, pero claro que hai contradicións. A propia política é unha contradición en si mesma, é pacto, negociación, troco continuo. Dando iso por certo, pero pondo nunha balanza esa contradición e tendo en conta o automatismo da súa función administrativa, demostrámonos que a pesaxe é desfavorable para o país entón falaría, pero cos dados que temos e ollando a actuación do Dr. García Sabell nesos dous postos penso que o balance é favorable para o país. El é un home de máis de 70 anos que se está aí non é por vaidade intelectual nen por prurito económico, senón por un concepto da política e da valoración que se deba facer dela.

Penso que é unha figura a resaltar e fóra do país é unha das persoas máis presentábeis que temos os galegos a nivel europeo e mundial. E penso que na nosa situación hai que pensar en sumar máis que en restar, e hai moito camiño que facer xuntos aínda que marquemos as diferenzas que hai, efectivamente, entre nós.

Do que está a falar pódese inferir que Realidade Galega, coa súa colocación de peóns en postos fundamentais, políticos e empresariais (como por exemplo pode ser Galaxia) foi positiva para o país como táctica política. Que opinión ten de Realidade Galega?

Nunca formei parte dela, pero

despois de todo o dito a miña postura xa é bastante clara. De Galaxia o que penso é o mesmo que podo pensar de A NOSA TERRA: son dúas realidades galegas necesarias e que non teñen por que ser excluíntes.

Non lle resultou frustrante que a Lei de Normalización fose levada ao Tribunal Constitucional polos seus propios compañeiros?

Iso depende da lei que está en vigor e non da vontade. É algo automático que se analiza en función da Constitución. Para min, que coñecín os entrecidos da Lei, que foi redactada practicamente por Carlos Casares, e na que o "deber moral" foi introducido por don Ramón Piñeiro e non por outra xente, sei o que pode haber de frustración pero sei a batalla política que se establece a partir dese momento da situación. Entendo o xogo partidista, porque tamén entendo que unha forza política no parlamento estexa sistematicamente tendo unha actividade máis positiva para o seu partido que para o conxunto do país. Un partido que estexa continuamente no Parlamento con iniciativas, que están saíndo na prensa, pero que non teñen transcendencia política non inmediata nen futura, que se limitan á aparición da noticia no xornal... en realidade é un entorpecimento do labor parlamentario e retardar os temas de carácter institucional. Ese tipo de política é lexítimo e pódese practicar, pero a min persoalmente non me gusta, e é negativa de cara á institucionalización. Por exemplo, aos portugueses de nada lles valeu ter a Constitución máis progresista de Europa, porque non respondía á realidade. A

Lei de Normalización resposta bastante á realidade do país e se a aplicamos tal e como está asegúroche que non me fa sentir en absoluto frustrado. Igual que se desemos aplicado todo o Estatuto na súa extensión ou toda a capacidade lexislativa que temos, na súa integridade, sei que ten que haber máis, pero teríamos avanzado e máis se en vez de quince anos facémolo en cinco. Por iso o Estatuto non me frustra porque é un instrumento. E admito que haxa quen non o acepte nen tampouco a Constitución, pero chámalle posibilismo ou como queiras, pero iso dame posibilidades cara o país. A Lei de Normalización quedaba mellor co termo "deber moral" pero se somos quen de aplicar os artigos que seguen aí, e aquí formouse un follón máis de carácter partidista que institucional.

ENTRADA NO GOBERNO

Puxo algunha condición para entrar no Goberno?

Non moitas, porque sei quen é González Laxe e o que el pensa do país.

Dixose que Cultura ía ser a Consellería bandeira do novo goberno.

Esas valoracións nunca saíron do Goberno nen dos partidos que o compoñen, saíron de fóra. Ten a ver co afán que hai no país de que a cultura siga a cumprir o papel que cumpriu até agora no labor de concienciación do país, e portanto é máis un desexo colectivo.

Pudo ser xa máis bandeira, no sentido de que hai unha realidade económica coa que non contaba antes de chegar a Consellería, e é que non vou poder ter

Benestar Social sustentando moitas das miñas actividades culturais, e terei que ver que podo facer co que teño. E estou falando de cartos, e política cultural ten moito a ver con cartos máis que con imaxinación, que nos sobra a todos.

Son máis partidario dunha política efectiva que de bombazo e inauguracións. Prefiro encher as parroquias de canchas de minibasket que facer uns poucos polideportivos, aínda que isto teña máis relumbr e resonancia.

Penso que é importante, aínda que non sexa de rebumbio, que o país teña arquivos e bibliotecas en condicións, e se consigo nestes dous anos facelo estaría satisfeito. Non son actividades de *star-system* pero fan algo importante polo país.

Se tivese os cartos que non teño, e aínda co que hai, tentarei a proxección exterior da Galiza fora das nosas propias fronteiras; tentarei que a política de subvencións sexa un mal necesario pero non un ben suficiente. E unha ringleira de proxectos máis que habería que desbrullar pero que teñen a ver con ese critério.

Hai unha Dirección Xeral de Cultura —con Álvarez Pousa á fronte— que en termos xerais foi loupada. Sérvelle como referente aquela maneira de entender o labor de política cultural, que Pousa podería ser un colaborador da Consellería?

Colaborador da Consellería pode ser todo o mundo e esta porta está aberta a todo tipo de suxerencias e máxime a Pousa, que coñece o entrecido político e administrativo desta casa mellor ca min e é un referente necesario para esta Consellería.

Comezando unha nova etapa e fixándose no que falaba dos arquivos, contrasta que a persoa en encargada no anterior gabinete desa función, sexa agora nomeada Directora Xeral? Refírome a Raquel Casal.

A diferenzas entre os soldados dun exército vencedor e un vencido estache nos xenerais. Dona Raquel Casal coñece moi ben o entrecido administrativo aquí, e sabe que a política cultural vai ser distinta e que vai funcionar de acordo coas directrices que lle dé o equipo. E que pode ser cesada, como calquer outro cargo, ou como eu propio se non siga as directrices do meu Goberno.

Aínda que non é, obviamente, o centro desta entrevista, unha pregunta final sobre a súa tarefa como escritor. Hai tres obras súas que me parecen fundamentais *O contubernio*, *Noa e O grifón*, que é o fundamental para vostede nesas obras?

Non o sei en concreto, sei o que é fundamental para min cando escribo: a capacidade de ensaio no país. E moi difícil falar da propia obra, pero cando me poño a escribir son o ser máis libre do mundo. É o único momento da miña vida en que son un cidadán galego absoluto, no que exerce como galego con plenitude. Póñome a escribir novelas como pode facelo un inglés ou un ruso ou un tipo dun país totalmente normal. E soño co país e son o home máis feliz do mundo. O que hai nas tres, e nas outras, é o exercicio de liberdade de ser galego, é un acto de plenitude.

Alfredo Conde móstranos os orixinais do que xa leva avanzado da súa próxima novela, "O terceiro lugar", e segue a falarnos dos proxectos que se están elaborando desde a Consellería que preside e do estado de precariedade con que se atopou ao chegar ao despacho de San Caetano, "frente á gloria na que me encontro cando escribo o purgatorio do día a día á fronte da carteira de Cultura". □

Texto: ANTONIO MASCATO
Fotografías: XAN CARBALLA